



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Máster Universitario en Desafíos das Cidades

Curso Académico: Curso 2022-2023

[■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

[■ Cumprimento do proxecto establecido](#)

■ Dimensión 1. A xestión do título

[■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)

[■ Criterio 2. Información e transparencia](#)

[■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)

■ Dimensión 2. Recursos humanos

[■ Criterio 4. Recursos Humanos](#)

[■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)

■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

[■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)

[■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

[■ Modificacións do plan de estudos](#)

[■ Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

■ Abertas Curso 2020-2021

■ Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

■ Finalizadas Curso 2020-2021

■ Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Desafíos das Cidades
Mencións/Especialidades	----
Universidade responsable administrativa	Universidade do Minho e Universidade da Coruña
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Universidade de Santiago de Compostela; Universidade da Coruña; Universidade de Vigo; Universidade do Minho; Universidade Trás-Os-Montes e Alto Douro; Universidade do Porto.
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia (USC); Escola Técnica Superior de Arquitectura (UDC); Facultade de Ciencias da Educación, Campus de Ourense (UVigo); Escola de Enxenharía (UMinho); Facultade de Letras (UP); Escola de Ciências e Tecnología (UTAD).
Rama de coñecemento	Enxeñaría e Arquitectura
Número de créditos	90
Profesión regulada	NON
Modalidade de impartición	Semi-presencial /blended learning
Curso de implantación	2022-2023
Data acreditación ex ante (verificación)	24/05/2021
Data renovación acreditación	----

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Ata este momento, aínda non hai ningún/a egresado/a do título. Polo tanto, o indicador *IN23M Satisfacción dúas egresados coa información pública dispoñible* non presenta ningunha información relevante. Sendo un título implantado por primeira vez no curso 2022-2023, e tendo unha duración de 3 semestres, o alumnado do segundo ano aínda non defendeu o seu TFM, polo tanto, non temos información xustificada acerca da actualización entre título e o mercado laboral e profesional.
- Como amosa o indicador *IN33M Grao de satisfacción dos egresados cos servizos: 0*, aínda non hai esa información. A pesar de non ter egresado/a, o título formativo é bastante competitivo pois amosa un carácter interuniversitario e, sobre todo, internacional e eurorrexional, asegurando ao alumnado un plan de estudo actualizado, ao paso co tempo e cun alto interese académico e formativo no contexto da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal (GNP).
- A interdisciplinabilidade do título e da equipa docente asegura un alto nivel competitivo do perfil dos/as egresados/as en termos académicos, científicos e profesionais.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Tanto durante o primeiro curso 2022-2023, como durante o actual 2023-2024, a oferta formativa corresponde co indicado na memoria de verificación.
- As actividades académicas, as metodoloxías docentes, os sistemas de avaliación e a cualificación correspóndense con todo o indicado na memoria do título. Os docentes basean a súa actividade no establecido na memoria do título, porque é a principal ferramenta de coordinación para un Máster interuniversitario e interrexional. É, sen dúbida, unha referencia esencial para o bo funcionamento do título.

- Os/As docentes de cada materia coordinan as súas actividades en función dos seus obxectivos, establecendo traballos e grupos que consideran axeitados para a correcta adquisición das competencias formativas.
- En canto á mobilidade, a pesar de poder gozar do proxecto IACOBUS, ata este momento ningún/a alumno/a gozou deste programa. A tal fin pódese dicir, que a mobilidade eurorrexional é unha tarefa pendente para un mestrado deste tipo. Quizais, un dos problemas sexa principalmente o asunto económico. Doutra banda, cabe mencionar a mobilidade entre os centros do SUG.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- No caso dun título de estudo deste tipo, a coordinación entre materias e na mesma materia é fundamental. De feito, considerado que as materias obrigatorias (primeiro semestre) son co-impartidas por docentes dunha universidade do SUG e por unha Universidade do Norte de Portugal, é necesaria unha coordinación previa de contidos e sistema de avaliación. Para iso, a CA interuniversitaria comunica e fai publica a listaxe de equipo docente, para fomentar a comunicación e a coordinación entre docentes das materias adscritos aos diferentes centros das universidades participantes. Desde logo, esta tarefa non é sinxela, pois o éxito reside sobre todo o bo facer do docente, pero é posible afirmar que na maioría dos casos os mecanismos de coordinación funcionan.
- En canto á coordinación entre materias, para evitar duplicidade, considerado que os/as docentes imparten os contidos establecidos pola memoria do título, este problema vese reducido. E aínda que fosen coincidente na temática, dada as diferentes especialidades académicas dos/as profesores/as, o enfoque cambiaría.
- Á hora de asignar empresas ou institucións nas cales realizar as PAEs, a CA Interuniversitaria consúltase en caso de dúbidas. Cada coordinador local da CA faise responsable de garantir a coherencia do título co proxecto das PAE, asegurando que se poidan fomentar as competencias do título. No que se refire aos indicadores: *IN19M Satisfacción dúas estudantes coas prácticas externas*, *IN20M Satisfacción dúas titores profesionais coas prácticas externas*, *IN21M Satisfacción dúas titores académicos coas prácticas externas* non se achega ningún valor que permita pescudar o nivel de satisfacción.
- A modalidade semi-presencial do Máster non é un obstáculo para que o alumnado logre as competencias esixidas. A nivel xeral, a modalidade non representa un obstáculo para a formación do alumnado. Aínda que é certo, que, no caso de materias máis aplicadas, impartidas a distancia na USC, sería desexable unha modalidade presencial.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Aínda que o acceso a este Máster ten unha serie de criterios de admisión que se aplican segundo un baremo establecido e común pola CA interuniversitaria, no caso de matricúlalas anticipadas, os/as coordinadores/as das universidades do SUG, non temos a posibilidade de avaliar este alumnado. O resultado desa modalidade de acceso é un tratamento máis favorable para o alumnado de matrícula anticipada, baremado só en función do seu título de acceso, sendo iso un modelo menos competitivo. Nese sentido, como amosa o indicador **IN13M** a **Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC** é do 66.67%, e o **IN18M** confirma que a **Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados** é igual a 0.
 Más en concreto, a titulación de procedencia dos estudantes (**I2. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC)**) é: 1 Graduado en Ciencia Política e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela; 1 Graduado en Enxeñaría Civil pola Universidade de Santiago de Compostela 1; 1 Graduado por Resolución reitoral de equivalencia.
- Non se esixen complementos de formación.
- No curso 2022-2023, como amosa o indicador **IN06M**, a **Nota media de acceso por preinscrición**, é 6. Pola súa banda, o indicador **IN07M** amosa que a **Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis** é igual ao 50%.
- Como establecido pola memoria do Máster Interuniversitario, cada Universidade oferta 6 prazas (**N01M Prazas ofertadas**). Das 6 que lle tocan á USC, o indicador **IN02M Matrícula global** informa que se cubriron 3. As mesmas coinciden con: **IN03M Matrícula de acceso: 3** e **IN04M Matrícula de novo ingreso por preinscrición: 3**, cunha **IN12M Taxa de ocupación** do 50% (como xa indicado).
- No tócate á procedencia do alumnado, no caso do curso 2022-2023, a situación é a seguinte:
 - **IN08M Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados: 0.0**
 - **IN09M Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados: 0.0**

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Todas as normativas guían o bo funcionamento do Máster. Neste Máster Interuniversitario e Interrexional, a normativa de referencia non é só a establecida pola memoria do título, senón que tamén hai que ter en conta normas e regulamentos establecidos a nivel universitarios e de centro, con todo o que supón a diversidade do sistema educativo. Como exemplo, precisamente para axudar ao alumnado na realización do seu TFM, a CA interuniversitaria elaborou unhas normas que pretenden guiar a elaboración do traballo entre Galicia e Norte do Portugal.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- En canto aos mecanismos de información, o Máster conta coa súa sección na páxina da USC (<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/enxenaria-arquitectura/master-universitario-desafios-cidades>), como para os demais títulos, e ademais ten a súa sección dedicada na páxina de Universidade Sem Fronteiras (UNISF) (<https://www.universidadesemfronteiras.eu/gal/mestrados/master-arquitectura-enxe%C3%B1aria-civil>).
- En ambos os casos, trátase dunha información obxectiva: desenvolvemento, plan de estudos, oferta e admisión, modalidades de acceso, obxectivos e competencias, saídas profesionais e contactos. No caso da páxina da USC, tamén se indican os/as profesores/as que imparten docencia neste Máster, con todo, esta información está limitada aos docentes da USC. Na realidade, por exemplo, a información de todo o equipo docente das seis universidades non está pública nin na páxina de UNISF.
- A información e a transparencia son tarefas pendentes deste Máster, porque o carácter interuniversitario fai que moita información non estea facilmente localizable, nin dispoñible. Polo tanto, non se garante do todo un fácil acceso ao conxunto da información do título.
- Outro aspecto que habería que ter en consideración neste sentido é a necesidade de promover máis o Máster, pois a pesar de participar nas xornadas e nos seminarios organizados pola USC e pola Facultade de Xeografía e Historia, esta oferta formativa única no contexto ibérico queda un pouco á marxe. Desde logo, a mesma CA pode facer un esforzo máis, pero sería aconsellable que se dese máis visibilidade ao Máster, podendo cubrir as 6 prazas que oferta a USC.
- O indicador *IN23M Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible* non amosa ningún resultado que poida apoiar esas reflexións.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvólense de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Sendo o Máster impartido na Facultade de Xeografía e Historia da USC, o título está incorporado ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da mesma Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade>). Como tal, tomase como referencias o *Manual de Procesos e procedementos do Sistema de Garantía de Calidade* (<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2020-10/manual-de-procesos-e-procedementos-do-sgic-do-centro-2020.pdf>) e o *Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de XEOGRAFÍA E HISTORIA* (<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2020-10/manual-simplificado-do-sgic-facultade-de-xeografia-e-historia-2020.pdf>)
- A información do *Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGC)* da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Universidade da Coruña está dispoñible no seguinte enlace: https://www.udc.es/en/utc/sgc/centros/e_arquitectura_tecnica/;
- A información do *Sistema de Garantía de Calidade (SGC)* da Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo, Campus de Ourense está dispoñible no seguinte enlace: <http://fcce.uvigo.es/es/calidad/sgic/>
- A información do *Sistema Interno de Garantía da Qualidade (SIGAQ-UM)* da Universidade do Minho está dispoñible no seguinte enlace <https://www.uminho.pt/PT/uminho/Qualidade/SIGAQ-UM>
- A información do *Sistema Intragado Gestão da Qualidade* da UTAD está dispoñible no seguinte enlace: <https://www.utad.pt/qesqual/>;
- A información do *Sistema de Gestão da Qualidade da U.Porto (SGQ.UP)* está dispoñible no seguinte enlace: https://sigarra.up.pt/up/pt/web_base.gera_pagina?p_pagina=1013955
- O feito de que todas as Universidades participantes teñan un sistema de calidade debería ser considerado un compromiso co proceso e mellora da calidade do ensino. Ademais, a presenza de manuais, políticas e liñas de actuacións no ámbito da calidade debería asegurar que os procedementos de suxestións e reclamacións desenvólense seguindo unhas normas establecidas.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- As accións e as revisións requiridas polos diferentes sistemas de calidade das universidades nas cales se imparten o título son garantía de mellora.
- As avaliacións que se realizan nos sistemas educativos participantes permiten facer un seguimento completo do título e incorporar recomendacións e modificacións.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Este Máster atópase no seu segundo ano de implantación, e ata este momento non se realizaron revisións nin modificacións. Con todo, a cultura da calidade en común entre as 6 universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (GNP) (como amosas os enlaces indicados) poderá facilitar o compromiso e a colaboración dos/as interesados/as cando sexa necesario proceder con algunha modificación e mellora.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Durante o curso académico 2022-2023, o equipo docente da USC que impartía docencia no Máster estaba formado por 9 profesores (**INF.E15. Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación docente**) así repartidos entre as diferentes categorías: 1 Profesor Catedrático; 1 Profesor Titular de Universidade; 4 Profesores Axudantes Doutores LOU; 1 Profesor Interino/a substitución, 2 Investigadores/as Distinguidos/as. Deles, 7 profesores eran adscritos á área de Análise Xeográfica Rexional e 2 á área de Xeografía Humana. A nivel de indicadores, dita situación queda así reflectida (**Informe das medias**):

Código	Nome	Valor Título	Media Área	Media USC
IN24M	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	100	93,19%	90,34%
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	83,33	96,02%	90,37%
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	33,33	71,37%	45,61%

- Tendo en conta que é un Máster Interuniversitario e que os docentes se reparten entre 6 universidades, no caso da USC, o profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes. De feito, a **IN32M Media de alumnos por grupo de docencia interactiva** é de 1.56.
- Polo seu enfoque interdisciplinar, as materias impartidas na USC son adscritas ao Departamento de Xeografía e os contidos que se imparten nas mesmas coinciden coa formación e a investigación que os docentes desempeñan. Por tanto, a tarefa investigadora permite unha continua actualización dos contidos impartidos no título.
- A nivel xeral, o equipo docente está moi comprometido coa formación (participando a cursos e seminario) e coa investigación (mediante publicacións e participación a proxectos de investigación competitivos). Todo iso contribúe á mellora da calidade da ensinanza.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O Máster conta con persoal de apoio suficiente e con cualificación adecuada. A secretaria administrativa do título é a secretaria do Departamento de Xeografía, moi comprometida coa bo xestión e co funcionamento do título xunto coa Xestora do Centro. En xeral, o persoal de apoio e servizo (PAS) da Facultade desempeña perfectamente os distintos labores que teñen asignados axudando no desenvolvemento das aulas do Máster (sobre todo nos casos de problemas técnicos debido á necesidade de asistir ás aulas en modalidade online).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O Máster impártense na Facultade de Xeografía e Historia da USC. Edificio que reúne, como edificio histórico, condicións adecuadas para a prestación do mesmo. O Máster desenvólvese en modalidade híbrida, os alumnos teñen á súa disposición unha aula na que se imparten as clases presenciais ou a distancia. Adoita ser sempre a mesma aula, equipada con sistemas de videoconferencia multipunto, ordenadores e pistolas de proxección múltiple, proxección dixital, conexión a internet e conexión Wi-Fi. Polo que pódese afirmar que as infraestruturas e os recursos destinados ao proceso formativo son suficientes e adecuados. Tamén no tema de accesibilidade, o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais.
- Na Facultade de Xeografía e Historia, o alumnado ten á súa disposición un fondo bibliotecario moi amplo e variado. Pódese acceder e consultalo sen problema. É un fondo actualizado. Non obstante, non hai que esquecer que, como estudantes da USC, tamén teñen á disposición o resto de bibliotecas e o servizo de préstamo interbibliotecario.
- En canto á orientación académica, o alumnado ten á súa disposición os diferentes servizos da USC. Entre elas, cabe destacar o Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU) que coordina a oferta de actividades de

voluntariado, participación e inclusión universitaria que favorezan a formación integral do alumnado desde unha visión socialmente responsable e comprometida cos obxectivos de desenvolvemento sostible. (<https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-participacion-inclusion-universitaria>).

- As instalacións nas que o alumnado realiza as PAE (Prácticas Académicas Externas) son idóneas para a adquisición de competencias.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Como xa se indicou no punto 1, neste momento aínda non hai egresados/as da titulación. O curso 2022-2023 foi o primeiro curso de implantación e o Máster ten unha duración de 3 semestres. A día de hoxe, non están defendidos os TFM's do alumnado matriculado no segundo ano do título.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Indicadores de demanda:

Código_IND	Nome_IND	2022-2023
IN01M	Prazas ofertadas	6
IN02M	Matricula global	3
IN03M	Matrícula de acceso	3
IN04M	Matrícula de novo ingreso por preinscripción	3
IN06M	Nota media de acceso por preinscripción	6
IN07M	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	50
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	0
IN12M	Taxa de ocupación	50
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC	66.67
IN18M	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0

Das 6 prazas ofertadas pola USC durante o 2022-2023 (*IN01M*) (primeiro ano de implantación do título), só se cubriu a metade (*IN07M*: 50%; *IN12M*: 50%), é dicir 3 prazas, que corresponden aos indicadores de matricula global (*IN02M*), matrícula de acceso (*IN03M*) e matrícula de novo ingreso por prescripción (*IN04M*). A nota media de acceso por prescripción é 6 (*IN06M*), cun 50% de estudantes cunha titulación con puntuación igual ou superior a seis. Dos 3 alumnos/as matriculados, non houbo estudantes estranxeiros (*IN08M*), nin estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (*IN09M*). No referente á titulación, o 66,67% dos matriculados que son titulados dá USC (*IN13M*) e non constan estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre ou total de matriculados (*IN18M*).

- Indicadores de resultados

Código_IND	Nome_IND	Valor Título	Media Área	Media USC
IN34M	Taxa de rendemento (%)	80	85,34	88,67
IN35M	Taxa de éxito (%)	100	97,17	98,70
IN36M	Taxa de avaliación (%)	80	87,94	89,85

Polo que se refire aos indicadores de resultado, o título mostra un valor do 80% en taxa de rendemento (*IN34M*) e un 100% en taxa de éxito (*IN35M*). A taxa de avaliación (*IN36M*) presenta o mesmo valor que a taxa de rendemento: 80%.

- Segundo o *INF 19 Informe de taxa de avaliación das materias do plan de estudos*, das 15 materias impartidas, 9 presentan unha taxa de avaliación do 100%, 4 do 66,67 % e dúas materias teñen unha taxa de avaliación do 50%;
- Segundo o *INF 17*, a de *taxa de éxito das todas as materias do plan de estudos* é do 100%;
- Segundo o *INF18*, a *taxa de rendemento das materias do plan de estudos* presenta valores diferentes: 9 materias presentan o 100%, no caso de 4 materias, a taxa de éxito é do 66,67% e nas restantes 4, a taxa de éxito é do 50%;
- Segundo o *INF 19 - Informe de taxa de avaliación das materias do plan de estudos*, das 15 materias impartidas, 9 presentan unha taxa de avaliación do 100%, 4 do 66,67 % e dúas materias teñen unha taxa de avaliación do 50%.

Esos resultados se deben a que, ao longo do curso, unha alumna decidiu deixar os estudos. Esta decisión xustifica tamén os NP no *INF 15 - Informe de cualificacións das materias do plan de estudos*.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- A partir do panel de indicadores, non é posible medir o nivel de satisfacción dos estudantes porque non hai ningún valor de referencia, o que indica que o alumnado non contestou ás enquisas de satisfacción (*IN19M Satisfacción dúas estudantes coas prácticas externas -; IN42M Grao de satisfacción xeral dúas egresados coa titulación -; IN46M Satisfacción do alumnado coa docencia recibida -; IN48M Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida -; IN42M Grao de satisfacción xeral dúas egresados coa titulación -*).
- Do mesmo xeito, non é posible contar con valores dos indicadores: *IN20M Satisfacción dúas tiores profesionais coas prácticas externas -*, nin *IN21M Satisfacción dúas tiores académicos coas prácticas externas -*.
- Só contamos cun valor referido a: *IN47M Satisfacción do profesorado coa docencia impartida*: 3.5; esta valoración correspóndese cunha participación do 37.50% (*Informe dá enquisa do profesorado coa docencia impartida*), polo tanto dificilmente pode ser considerada como significativa. Tamén no caso do *Informe de Satisfacción do profesorado coa titulación*, rexístrase unha participación moi baixa: 22.22%, por iso é polo que a súa valoración global do 3.24 non pode considerarse significativa.

- Para poder medir con máis representatividade en nivel de satisfacción é necesario asegurarse unha maior participación do alumnado e do profesorado ás enquisas. En xeral, é un aspecto que se tenta fomentar, apelando á colaboración dos profesores.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dada a recente implantación do título, non é posible analizar e comentar se os valores de inserción laboral dos/as egresados/as do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

<u>3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS</u>	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF (a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501097_P.Ind_2020-2021
			2501097_INF.16_2020-2021
			2501097_INF.CiUG_2020-2021
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501097_P.Ind_2020-2021
			5075_INF.03_2020-2021
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título

3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501097_P.Ind_2020-2021
			2501097_INF.04_2020-2021
			5075_INF.05_2020-2021
			2501097_INF.06_2020-2021
			2501097_INF.07_2020-2021
			2501097_INF.08_2020-2021
			2501097_INF.09_2020-2021
			5075_INF.10_2020-2021
			5075_INF.11_2020-2021
			2501097_INF.13_2020-2021
			2501097_INF.14_2020-2021
			5075_INF.21_2020-2021
			2501097_INF.22_2020-2021
			2501097_INF.23_2020-2021
2501097_Informe_de_indicadores_2020-2021			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501097_P.Ind_2020-2021
			2501097_Informe_de_indicadores_2020-2021

4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501097_E15_2020-2021
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5075_E16_2020-2021
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2020-2021
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2020-2021
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501097_INF.13_2020-2021
			2501097_INF.14_2020-2021
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_I10_2020-2021
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501097_INF.15_2020-2021
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimientto - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501097_P.Ind_2020-2021
			2501097_INF.17_2020-2021
			2501097_INF.18_2020-2021
			2501097_INF.19_2020-2021
			2501097_INF_SIIU_2020-2021
			2501097_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501097_P.Ind_2020-2021
			2501097_INF.CIUG_2020-2021
			2501097_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501097_EIL-SIIU_2020-2021 2501097_EIL-ACSUG_2020-2021
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501097_P.Ind_2020-2021 2501097_Informe_de_indicadores_2020-2021 2501097_MedUSC_2020-2021

